

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DO TAXI DE GALICIA (FEGATAXI), PARA O APOIO AO TRASLADO DAS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E OS SEUS FILLOS E FILLAS

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, Elena Rivo López, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, en virtude do Decreto 68/2023, do 14 de xuño, polo que se nomea conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte, Manuel Sánchez Quindimil, que actúa en nome e representación da Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) G-15353543, en virtude da súa condición de representante legal, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos artigo 42 dos seus estatutos.

Ambas partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e convir e,

EXPOÑEN

Primeiro

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 sinala que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Segundo

Segundo o artigo 17 a) do Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a Secretaría Xeral da Igualdade ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo

1 



que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e na demais lexislación aplicable na materia.

Terceiro

A violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariade profesional.

Cuarto

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

No artigo 48 da mesma Lei 11/2007, do 27 de xullo, régúlase a Rede galega de acollemento indicando que os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero. Estes centros están situados en diferentes provincias e localidades de Galicia.

No seu artigo 49 regulouse a creación dun Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero (CRI) que actúa como centro coordinador da Rede galega de acollemento, así como centro de atención integral. Este centro está situado en Santiago de Compostela.

Quinto

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten constatada a necesidade de dispoñer dun servizo de apoio para o traslado das vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas aos centros de acollida da Rede galega de acollemento, ao Centro de Recuperación Integral (CRI), así como a outros lugares onde se desenvolven actuacións necesarias para a súa defensa, atención, tratamento, recuperación e restablecemento.

Sexto

A Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia establece no seu artigo 33. 4 b), segundo a redacción establecida polo artigo 28 da Lei 7/2022, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, o seguinte:

“Non serán aplicables as limitacións referidas ao lugar de inicio e destino do servizo na realización de servizos incluídos nun convenio cunha administración pública cuxo fin xustifique a necesidade ou conveniencia de non limitar a súa prestación por razón do termo municipal en que estean domiciliados os títulos habilitantes. Estes convenios deberán previamente ser informados favorablemente pola dirección xeral da Xunta de Galicia con competencias en transporte”.

Neste caso a necesidade de recorrer a taxis de municipios distintos daquel no que se teña que recoller á vítima é fundamental para preservar o dereito á intimidade das mulleres e garantir a súa seguridade.

Sétimo

Que a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI), segundo o disposto no artigo 1 dos seus estatutos, constitúese no ano 1991 como unha entidade asociativa, sen ánimo de lucro, de conformidade coa Lei 19/1977, do 1 de abril, e o Real decreto 873/1977, do 22 de abril, gozando de plena personalidade xurídica e autonomía. Como organización sectorial máis representativa no sector do taxi en Galicia, integra as organizacións provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e conta cunha flota total de 1.931 taxis.

Adicionalmente, esta entidade ven colaborando nos últimos anos coa Secretaría Xeral da Igualdade no traslado de mulleres que sofren violencia de xénero, polo que ten demostrada experiencia, coñecementos e pautas de actuación axeitadas para realizar os mesmos de xeito adecuado.


A Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI), tanto pola súa representatividade como polo seu obxecto e fins sociais, pode ser considerada como o instrumento axeitado para apoiar á Secretaría Xeral da Igualdade no traslado das mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas aos lugares que o requiran, como centros de acollida da Rede galega de acollemento, Centro de Recuperación Integral (CRI), así como a outros lugares onde se desenvolven actuacións necesarias para a súa defensa, atención, tratamento, recuperación e restablecemento, permitindo determinar ou suxerir cambios ou medidas que fagan mais eficaces estes traslados e realizar tamén accións divulgativas e de sensibilización ao respecto entre o colectivo empresarial que representa.

Oitavo

Considérase que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) comparten intereses comúns, sendo de suma importancia establecer mecanismos e vías de colaboración que coadruen na consecuencia dos obxectivos perseguidos, resultando pertinente establecer novas vías de colaboración que fomenten a participación das persoas traballadoras autónomas deste sector nesta iniciativa pública e, en consecuencia, as partes consideran oportuno subscribir o presente convenio.

Noveno

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario radica na necesidade de poder realizar o traslado das mulleres vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e fillas, a calquera dos centros que conforman a Rede Galega de acollemento, ao Centro de Recuperación Integral (CRI), así como a outros lugares onde se desenvolven actuacións necesarias para a súa defensa, atención, tratamento, recuperación e restablecemento.

4 



Por todo o indicado, ambas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) para o apoio no traslado das mulleres vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas a calquera dos centros que conforman a Rede Galega de Acollemento, ao Centro de Recuperación Integral (CRI), así como a outros lugares onde se desenvolven actuacións necesarias para a súa defensa, atención, tratamento, recuperación e restablecemento.

A colaboración establecida coa Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) non substituirá en ningún caso aos traslados que se realizan dende outras administración públicas con competencias na materia, nin aos traslados que deban realizarse con acompañamento das forzas e corpos de seguridade.

SEGUNDA.-Compromisos das partes

As partes asinantes comprométense a:

- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade:

a) Solicitar a prestación do servizo de traslado das vítimas de violencia de xénero a un centro dos que conforman a Rede Galega de Acollemento, ao Centro de Recuperación Integral, así como a outros lugares onde se desenvolven actuacións necesarias para a súa defensa, atención, tratamento, recuperación e restablecemento e sexa imposible realizalo por outros medios, á Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI).

Este traslado realizarase sen custo algún para a muller, así como para os seus fillos e fillas.

b) Facilitar material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia de xénero á Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI).

c) Facilitar contidos formativos sobre violencia de xénero a incluír no seu programa de formación á Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) de xeito que



permita ás e aos profesionais ampliar os seus coñecementos ao respecto e coñecer pautas de actuación.

- Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI):

a) Realizar os traslados das vítimas da violencia de xénero e dos seus fillos e fillas aos centros da Rede Galega de Acollemento, ao Centro de Recuperación Integral (CRI), así como a outros lugares onde se desenvolven actuacións necesarias para a súa defensa, atención, tratamento, recuperación e restablecemento que determine a Secretaría xeral da Igualdade.

b) Poñer a disposición da Secretaría xeral da Igualdade un teléfono de atención permanente ou calquera outro sistema de comunicación, que permita un contacto directo 24 horas para poder efectuar estes traslados, así como designar unha persoa de contacto que posibiliba a comunicación permanente tanto coa Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade como cos distintos organismos implicados en cada unha das situacións.


c) Preservar en todo momento a confidencialidade tanto da identidade das mulleres e demais familiares que trasladen, así como da localización dos centros da Rede Galega de Acollemento, co obxecto de garantir a seguridade das persoas que trasladen nun contexto de risco para a súa integridade física e/ou emocional.

Polo que, en base ao anterior, naquelas situacións nas que as circunstancias o recomenden, FEGATAXI enviará para realizar o correspondente traslado un taxi dun municipio distinto ao da localidade onde se teña que realizar a recollida da persoa ou persoas a trasladar.

d) Difundir o presente convenio e contribuír á sensibilización social no rexeitamento conxunto da violencia de xénero, colaborando ademais na difusión do material informativo que se puidese facilitar por parte da Secretaría Xeral da Igualdade.

TERCEIRA.- Financiamento

O importe total das axudas para o desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio será de **85.000 euros (oitenta e cinco mil euros)** con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.313D 481.0 (código de proxecto 2015 00145) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 58 do Decreto legislativo 1/999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, distribuídos nas seguintes anualidades:





Ano	Importe €
2023	5.000
2024	40.000
2025	40.000

Cando as cantidades establecidas nesta cláusula resulten insuficientes para o financiamento da prestación do servizo e existindo crédito axeitado e suficiente, poderase aprobar unha ampliación da contía mediante a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración, logo dos trámites legais exixidos.

CUARTA.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada. O custe de cada colaboración deberá respectar as tarifas reguladas do sector e cumprir estritamente a normativa de transporte terrestre de viaxeiros que resulte de aplicación.

QUINTA.- Xustificación da subvención e pagamento

A xustificación dos gastos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que a desenvolve, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, con indicación das actividades realizadas e o número de persoas usuarias (mulleres, nenos e nenas usuarios das traslados). Deberá presentarse co último pago final anual.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da entidade, na que se relacionen os gastos realizados os importes e datas de realización.
- **Facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, así como os xustificantes do seu pagamento.
- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros

entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

A xustificación correspondente ao ano 2023 comprenderá as actuacións realizadas desde a data de sinatura do convenio ata o 27 de decembro de 2023 e presentarase con data límite o 29 de decembro de 2023.

Para o ano 2024, a xustificación comprenderá as actuacións realizadas desde o 28 de decembro de 2023 e presentarase con data límite o 30 de novembro de 2024. Para o ano 2025 poderanse imputar os gastos dende o 1 de decembro de 2024 ata o 19 de decembro de 2025 e a data límite de presentación da documentación será tamén o 26 de decembro de 2025.

Para un mellor seguimento e control do programa, a entidade poderá presentar cada mes certificacións dos gastos parciais realizados.


Á vista desta documentación, a Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero como órgano competente da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

SEXTA.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.



Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

SÉTIMA.- Notificacións

As notificacións practicaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

OITAVA.- Comisión de seguimento e control

1. Constitúese unha comisión de seguimento e control, que vai levar a cabo as funcións contempladas no presente convenio.





2. A comisión estará composta por unha persoa representante de cada unha das entidades asinantes do convenio.
3. A representación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, corresponderalle á persoa titular da Secretaría Xeral da Igualdade que, así mesmo, ostentará a presidencia da comisión. A suplencia será asumida pola persoa que ostente a Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero.
4. A representación da Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) corresponderalle á persoa que designen de conformidade co recollido nos seus estatutos.
5. A secretaría, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle á persoa que designe a persoa titular da presidencia da Comisión, de entre o persoal funcionario da Secretaría Xeral da Igualdade. Contará con voz pero sen voto.
6. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio.
7. Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA.- Vixencia

Este Convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, as persoas asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

DÉCIMA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto dependentes da Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (Secretaría Xeral da Igualdade) de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este órgano ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Reintegro da subvención

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestímulo pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

DÉCIMO SEGUNDA.- Obrigas das partes

FEGATAXI como entidade beneficiaria da subvención, obrígase a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- Comunicar á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non



ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Subministrar á Secretaría Xeral de Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.
- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigado a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Secretaría Xeral de Igualdade.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.


A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

DÉCIMO TERCEIRA.- Compatibilidade

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

DÉCIMO CUARTA.- Modificación

Este convenio poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización



da correspondente addenda.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

As partes poderán modificar, sempre que sexa de mutuo acordo, ou denunciar o convenio en calquera momento.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.


DÉCIMO QUINTA.- Resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Polo transcurso do prazo de vixencia.
- b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio.
- c) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos adquiridos por algún dos asinantes.
- d) Por decisión unilateral dunha das partes cando causas sobrevidas impidisen o dificultasen gravemente o cumprimento dos compromisos adquiridos. A parte afectada comunicarllo aos outras partes cun mes de antelación como mínimo.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- f) Por calquera outra causa distinta prevista nas leis.

DÉCIMO SEXTA.- Protección de datos

Na medida que as actuacións que se desenvolvan en execución deste convenio puideran implicar o tratamento de datos de carácter persoal, as mesmas se deberán axustar ao réxime de protección de datos de carácter persoal previsto no Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 (Regulamento



xeral de protección de datos - RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento.

A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito.

Respecto dos datos persoais sobre os que a Consellería de promoción do Emprego e Igualdade ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación, supresión, así como exercer outros dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do RXPd a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacionxeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar das devanditas entidades o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos recoñecidos no RXPd a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

En particular, a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia comprométese a trasladar de forma fidedigna aos profesionais que leven a cabo o servizo de transporte obxecto deste convenio, a información contida nos parágrafos anteriores da presente cláusula así como o seu deber de manter a máis estrita confidencialidade e segredo profesional respecto de calquera dato ou información á que puidera ter acceso no desenvolvemento dos seus servizos.

DÉCIMO SÉTIMA.- Publicidade e inscrición en rexistros

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes consenten na publicación dos datos persoais e o resto das especificacións contidas no mesmo no Portal de Transparencia e Bo Goberno da Xunta de Galicia.


En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade e subvencións.

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedente, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- Natureza, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo




6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

A CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE
CONSELLEIRA

Elena Rivo López

O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN DE
AUTÓNOMOS DO TAXI DE GALICIA

Manuel Sánchez Quindimil

